a c d k m	B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. B1.3. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	CCL CAA CSC
			EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	CSC CSIEE CAA
i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD CAA
			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	CCL CD CAA
			EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a k l n	<p>B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</p> <p>B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.</p>	<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</p>	<p>CSIEE CAA CCEC</p>
			<p>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>CSC CSIEE CAA</p>
			<p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>CSC</p>
			<p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</p>	<p>CSC CAA</p>
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
b k m	<p>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</p> <p>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</p> <p>B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</p>	<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
b j k	B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crescente, con eficiencia, seguridade e creatividade.	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC CCEC CAA CSIEE
	B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.		EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC CCEE CAA CSIEE
	B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.		EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	CSC CCEE CAA CSIEE
	B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.		EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC CCEE CAA CSIEE
	B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.		EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	CSC CAA CSIEE
B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.				
B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.				
B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.				

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	CSC CAA CSIEE
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
b d j k m o	B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	CCEC CSC CAA
	B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo).		EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	CCEC CSC CAA
	B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.		EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	CCEC CAA CSC CSIEE
	B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.		EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	CCEC CAA CSC
b d	B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física,	B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	CMCCT CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
j k	participando en actividades artístico expresivas. B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.	as coa práctica de actividades artístico-expresivas.	EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	CAA CMCCT CAA CSC
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
a b k	B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.	B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	CSIEE CAA CSC CAA CMCCT CSC CAA CMCCT CSC CAA CSIEE CMCCT CSC CAA CSIEE
k	B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde	B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.		CSIEE CSC
			EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	CAA CMCCT CSC
			EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	CAA CSIEE CSC
			EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	CAA CMCCT CSC
k	B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.	B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	CCL CAA CSC CMCCT
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
a b k	B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	CSC CSIEE CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m	B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	CAA CSIEE CSC
d k m o	B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	CCL CCEE CAA CSC
			EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC CAA CSC
			EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	CCEC CAA CSC
a b k	B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	CMCCT CSC CAA
			EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CMCCT CAA CSC
			EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT CAA CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	CMCCT CCL CSC CAA
k l n o	B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.	B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	CSC CAA
			EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	CSC CAA

14.6.2 Temporización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

EDUCACIÓN FÍSICA			SEXTO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Escala de observación			X
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.	Lista de cotexo			X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Lista de cotexo		X	X
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	Lista de cotexo			X
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	Lista de cotexo			X
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas ideas de forma coherente e respecta as opinións dos e das demais.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa activamente nas actividades propostas.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	Demostra certa autonomía e confianza resolvendo problemas motores.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Incorpora nas súas rutinas a hixiene do corpo.	Lista de cotexo	X	X	X
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	Escala de observación	X	X	X
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	Recoñece e respecta algunha norma de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	Lista de cotexo			X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Escala de observación	X	X	X
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Toma de conciencia das esixencias que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Lista de cotexo		X	
EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos intentando manter o equilibrio postural.	Rúbrica		X	
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos intentando manter o equilibrio postural.	Rúbrica		X	
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos.	Rúbrica		X	
EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos intentando manter o equilibrio postural.	Rúbrica		X	
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Mantén o equilibrio en diferentes posicións.	Rúbrica		X	
EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	Realiza actividades físicas e xogos no medio natural.	Lista de cotexo			X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo.	Rúbrica		X	
EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	Representa ou expresa movementos rítmicos.	Lista de cotexo		X	
EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	Coñece e leva a cabo bailes e danzas seguindo unha coreografía básica.	Rúbrica			X
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras.	Lista de cotexo			X
EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	Identifica algunha capacidade física básica.	Lista de cotexo			X
EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Lista de cotexo			X
EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Lista de cotexo			X
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	Relaciona algúns hábitos de alimentación coa actividade física.	Lista de cotexo	X		
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	Coñece algúns efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e outros que a prexudican.	Lista de cotexo	X		
EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	Adopta hábitos posturais axeitados.	Lista de cotexo	X		

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	Realiza os quecementos de forma autónoma.	Escala de observación		X	X
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Mostra unha mellora das capacidades físicas orientadas á saúde.	Lista de cotexo		X	
EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en repouso.	Lista de cotexo		X	
EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Lista de cotexo			X
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	Identifica o seu nivel nas capacidades físicas.	Lista de cotexo	X		
EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Explica algunhas lesións e enfermidades deportivas máis comúns.	Lista de cotexo	X		
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Utiliza recursos para resolver situacións básicas de táctica.	Lista de cotexo			X
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Realiza habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo.	Escala de observación		X	
EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Recoñece as diferenzas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Lista de cotexo			X
EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Recoñece a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Lista de cotexo			X

EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	Realiza algún xogo tradicional de Galicia respectando as regras destes.	Lista de cotexo			X
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Identifica algunha capacidade física básica.	Lista de cotexo			X
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas.	Lista de cotexo		X	
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Distingue en xogos algunha estratexia de cooperación e de oposición.	Lista de cotexo			X
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Describe os exercicios realizados, usando termos da área de Ciencias da natureza.	Lista de cotexo			X
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	Faise responsable da eliminación dos residuos.	Lista de cotexo			X
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Respecta a flora e a fauna do lugar.	Lista de cotexo			X

13.6.3 Actividades tipo

Levaranse a cabo diferentes tipos de actividades e xogos entre as que cabe destacar:

- Xogos como base para o coñecemento do corpo.
- Actividades e xogos de equilibrio.
- Actividades e xogos para o coñecemento dos sentidos.
- Xogos como as habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, ...).
- Actividades e xogos de coordinación.
- Xogos de representación de personaxes a través do corpo.
- Actividades e xogos de reprodución corporal de estruturas rítmicas.
- Realización de bailes.

- Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.
- Xogos e actividades no medio natural.

13.6.4 Plan de reforzo e recuperación

O plan de recuperación que se propón para levar a cabo no presente curso 2020/2021 parte da necesidade de reforzar e repasar os estándares de aprendizaxe imprescindibles traballados o curso pasado. Ademais, e de maneira máis salientable, tamén que hai que traballar todos aqueles estándares que non puideron ser traballados o ano anterior.

Deste xeito, de cada unidade realizaranse distintas actividades de reforzo necesarias para que os alumnos/as acaden os obxectivos previstos; incluso realizando monitorización profesor-alumno. Cando se detecte algún alumno/a con necesidade de actividades de axuda e reforzo, será especialmente avaliado para localizar o problema concreto que lle impide seguir o ritmo da clase. Unha vez detectado o problema, farase un plan de traballo individualizado.

13.6.5 Metodoloxía

O xogo ten múltiples características: divertido, educativo, motivante, ficticio, incerto, creativo, coeducativo, significativo,... Así, utilizaráse o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións, se ben recurrirase igualmente a diversos estilos de ensino.

Na área de Educación Física do currículo danse unhas orientacións metodolóxicas que se seguiran ao longo da programación:

- Traballar de forma global e lúdica, convertindo o xogo en ideal para aprender.
- Desenvolver as competencias clave, seleccionando contidos e metodoloxías activas e contextualizadas.
- Utilizar diversos materiais e recursos, en especial as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), para adaptarse ao ritmo da aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas ou o traballo por retos.

14 EDUCACIÓN INFANTIL

14.1 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

14.2.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e temporización

ÁREA	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL					
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO						

Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.	Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e a vida cotiá.	x		
Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.	Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.			x
Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.	Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.		x	

14.1.2 Actividades tipo

Levaranse a cabo diferentes tipos de actividades e xogos entre as que cabe destacar:

- Xogos como base para o coñecemento do corpo.
- Actividades e xogos de equilibrio.
- Actividades e xogos para o coñecemento dos sentidos.
- Xogos como as habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, ...).
- Actividades e xogos de coordinación.
- Xogos de representación de personaxes a través do corpo.

14.1.3 Plan de reforzo e recuperación

De cada unidade realizaranse distintas actividades de reforzo necesarias para que os alumnos/as acaden os obxectivos previstos; incluso realizando monitorización profesor-alumno. Cando se detecte algún alumno/a con necesidade de actividades de axuda e reforzo, será especialmente avaliado para localizar o problema concreto que lle impide seguir o ritmo da clase. Unha vez detectado o problema, farase un plan de traballo individualizado.

14.1.4 Metodoloxía

O xogo ten múltiples características: divertido, educativo, motivante, ficticio, incerto, creativo, coeducativo, significativo,... Así, utilizaráse o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións, se ben recurrirase igualmente a diversos estilos de ensino.

Na área de Educación Física do currículo danse unhas orientacións metodolóxicas que se seguiran ao longo da programación:

- Traballar de forma global e lúdica, convertindo o xogo en ideal para aprender.

- Desenvolver as competencias clave, seleccionando contidos e metodoloxías activas e contextualizadas.
- Utilizar diversos materiais e recursos, en especial as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), para adaptarse ao ritmo da aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas ou o traballo por retos.

14.2 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

14.2.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e temporización

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO					
Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.	Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, de control do ton, do equilibrio e da respiración.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e a vida cotiá.		x	
Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.	Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	x		
Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.	Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao amizade, cooperación, axuda, solidariedade... Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar..	Participar en xogos e actividades colectivas, aceptando as regras que que os rexen.			x

14.2.2 Actividades tipo

Levaranse a cabo diferentes tipos de actividades e xogos entre as que cabe destacar:

- Xogos como base para o coñecemento do corpo.
- Actividades e xogos de equilibrio.

- Actividades e xogos para o coñecemento dos sentidos.
- Xogos como as habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, ...).
- Actividades e xogos de coordinación.
- Xogos de representación de personaxes a través do corpo.

14.2.3 Plan de reforzo e recuperación

De cada unidade realizaranse distintas actividades de reforzo necesarias para que os alumnos/as acaden os obxectivos previstos; incluso realizando monitorización profesor-alumno. Cando se detecte algún alumno/a con necesidade de actividades de axuda e reforzo, será especialmente avaliado para localizar o problema concreto que lle impide seguir o ritmo da clase. Unha vez detectado o problema, farase un plan de traballo individualizado.

14.2.4 Metodoloxía

O xogo ten múltiples características: divertido, educativo, motivante, ficticio, incerto, creativo, coeducativo, significativo,... Así, utilizaráse o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións, se ben recurrirase igualmente a diversos estilos de ensino.

Na área de Educación Física do currículo danse unhas orientacións metodolóxicas que se seguiran ao longo da programación:

- Traballar de forma global e lúdica, convertindo o xogo en ideal para aprender.
- Desenvolver as competencias clave, seleccionando contidos e metodoloxías activas e contextualizadas.
- Utilizar diversos materiais e recursos, en especial as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), para adaptarse ao ritmo da aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas ou o traballo por retos.

14.3 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

14.3.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e temporización

ÁREA	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL					
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO						
Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade.	Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.			x	

de sexual e cultural.					
Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.	Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e a vida cotiá.	x		
Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.	Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.		x	

14.3.2 Actividades tipo

Levaranse a cabo diferentes tipos de actividades e xogos entre as que cabe destacar:

- Xogos como base para o coñecemento do corpo.
- Actividades e xogos de equilibrio.
- Actividades e xogos para o coñecemento dos sentidos.
- Xogos como as habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, ...).
- Actividades e xogos de coordinación.
- Xogos de representación de personaxes a través do corpo.

14.3.3 Plan de reforzo e recuperación

De cada unidade realizaranse distintas actividades de reforzo necesarias para que os alumnos/as acaden os obxectivos previstos; incluso realizando monitorización profesor-alumno. Cando se detecte algún alumno/a con necesidade de actividades de axuda e reforzo, será especialmente avaliado para localizar o problema concreto que lle impide seguir o ritmo da clase. Unha vez detectado o problema, farase un plan de traballo individualizado.

14.3.4 Metodoloxía

O xogo ten múltiples características: divertido, educativo, motivante, ficticio, incerto, creativo, coeducativo, significativo,... Así, utilizaráse o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións, se ben recurrirase igualmente a diversos estilos de ensino.

Na área de Educación Física do currículo danse unhas orientacións metodolóxicas que se seguiran ao longo da programación:

- Traballar de forma global e lúdica, convertindo o xogo en ideal para aprender.
- Desenvolver as competencias clave, seleccionando contidos e metodoloxías activas e contextualizadas.

- Utilizar diversos materiais e recursos, en especial as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), para adaptarse ao ritmo da aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas ou o traballo por retos.

15 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A Educación en Valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

A aprendizaxe destes contidos pretende acadar as seguintes finalidades:

- Fomentar o uso das fórmulas de cortesía.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Coñecer e interiorizar normas de convivencia no centro e na sociedade.
- Identificar e valorar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- Buscar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar os principios xerais de valor que axuden a enxuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
- Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

16 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

O desenvolvemento da programación e a práctica docente avaliaranse periodicamente, despois de cada sesión de avaliación, e a final de curso.

Estas avaliacións teñen como finalidade adaptarse ás necesidades e características do alumnado.

Os resultados destas avaliacións recollerase na memoria final de curso.

Os instrumentos para levar a cabo estas avaliacións serán as seguintes *escalas de observación*:

Avaliación da práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓNS (propostas de mellora)
		SI	NON	ÁS VE- CES	
Motivación inicial do alumnado	Presento e propoño 1 plan de traballo explicando o desenvolvemento das tarefas a realizar				
Motivación ao longo do proce-	Mantefío o interese do alumnado, partindo das súas experiencias e coñecementos.				
	Comunico a finalidade das aprendizaxes a realizar, a súa importancia e a súa aplicación á realidade.				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

so	Informo dos progresos acadados e das dificultades atopadas.				
Presentación dos conceptos	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado				
	Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)				
Actividades na aula	Formulo tarefas que aseguran a adquisición dos obxectivos previstos e as habilidades instrumentais básicas.				
	Propoño tarefas variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).				
	Existe un equilibrio entre as tarefas individuais e tarefas en grupo.				
Recursos	Utilizo recursos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a execución das tarefas por parte do alumnado.				
Organización da aula	Distribúo o tempo axeitadamente (breve explicación, tempo para a realización das tarefas e breve síntese do traballo realizado).				
	Emprego diversos tipos de agrupamentos atendendo á tipoloxía de actividades a realizar.				
	Favorezo a autonomía na realización do traballo.				
Instrucción e orientacións ao traballo do alumnado	Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado entendeu a tarefa (pregúntolle que ten que facer, observo o que fai...)				
	Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar información, pasos para resolver problemas, animo e favorezo a participación de todos				
	Controlo frecuentemente o traballo (dou pistas e feedback positivo)				
Clima de traballo	As relacións que establezo co alumnado na aula e as que o alumnado establece entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias.				
	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.				
	Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado.				
	Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.				
Seguimento (control do proceso de E-A)	Reviso e corrixo o desenvolvemento da programación para adecuala ás necesidades do alumnado (tempos, recursos, tipos de tarefas, agrupamentos...)				
	Proporciónolle ao alumnado información a execución das tarefas e como pode melloralas.				
	Favorezo os procesos de autoavaliación.				
	No caso de obxectivos non acadados propoño novas tarefas que faciliten a súa adquisición.				
	No caso de obxectivos acadados en pouco tempo, propoño novas tarefas que faciliten un maior grao de adquisición.				
Atención á diversidade	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os diferentes ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función diso, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe.				
	Coordínome co resto do equipo docente para para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe do alumnado.				

Avaliación da programación

INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓN
	SI	NON	ÁS VECES	
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades didácticas				
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles				
Deseñouse a avaliación inicial e levouse a cabo				
Modificouse algún dos elementos da programación				
Acadáronse os obxectivos propostos				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didáctico				
A metodoloxía empregada axustouse á características do alumnado				
Adoitáronse medidas de intervención educativa co alumnado que o precisaba				
Leváronse a cabo as medidas específicas de intervención educativa propostas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo				
Leváronse a cabo programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado				
Houbo coordinación entre o equipo docente				
Preséntanse estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión expresión oral e escrita				
Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas				
Leváronse a cabo actividades extraescolares e complementarias				
Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados.				

Informouse ás familias e ao alumnado dos estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos imprescindibles				
--	--	--	--	--